

Xavier Lama

XAVIER LAMA (Santa Euxea-Guntín, Lugo, 1962) traballa no medio televisivo e na Universidade de Santiago como profesor asociado de Comunicación Audiovisual. Polos seus traballos xornalísticos recibiu varios galardóns: Air France para novos periodistas, Galicia de Xornalismo 1989 ao mellor artigo do ano, L'Oreal de articulismo literario, Borobó, etc.

No eido literario tamén foi merecedor de varios recoñecementos. Entre eles, o Álvaro Cunqueiro de narrativa por *Os moradores da nada* (1995) e, no eido teatral, o Rafael Dieste, o Camiño de Santiago e o María Casares. Entre 2006 e 2009 publicou tres poemarios con animais no título a xeito de referente simbólico: *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, *Melancolía líquida da Idade das Vacas* e *Cabalos do alén na cidade das fábulas*. Os dous últimos recibiron os premios Esquíu e González Garcés. Catro dos seus textos teatrais foron estreados (o último, *Bicos con lingua*, de autoría colectiva) e participaron en festivais como o da Fundación Argentaria, a Mostra de Autor Contemporáneo de Alacant ou o FITEI de Porto (Portugal). Ten obra publicada e dezaseis libros como autor ou coautor. Ademais, presentou relatorios en congresos culturais celebrados en Nova York, Oxford, Tréveris e Porto.

Autopoética sen zapatos sobre a neve

A palabra é como unha cicatriz misteriosa
entre a reflexión melancólica
e a intimidación do intuitivo.

Ás veces convértese en froito solitario
baixo os zafiros intactos do Tempo
e outras devén réptil sempre inconcluso
nalgunha provincia estranxeira,
transitoria, sen nome.

Así resulta a miúdo escribir: roturar
no grao cero dalgún eclipse,
pretender rescatar algo perdido,
imaxinar que a pluma é o licor
da carraxe, da risa, do descoñecido.

Imaxinación, realidade: músculos cuánticos
na escada da lucidez e da tempestade,
corazóns binarios dalgún tigre
que xoga cos naipes do indomable.

A álgebra verbal necesita carne esencial,
rosas inconclusas,
sentimento e sentido
para reafirmar que Vida e Morte son os únicos escenarios
e que as súas múltiples lecturas
poden por veces redimírnos.

Nas marxes dunha autopoética

Supoño que ía facer unha autopoética en prosa e uns textos literarios en versos como un clamor de soidades antigas. Ou polo menos esa era a miña intención primeira. As previsións case sempre se frustran e enmascaran. Ou evolucionan e metamorfosean. O caso é que preferín publicar estes relatos que responden ás tentacións limitativas (de espazo, non de intención) da minificación, aínda que varios deles excedan os lindeiros do microrrelato. Forman parte dun libro xestado hai uns catro anos, pero pendente dun remate convincente. É, xa que logo, un libro tráfuga e inmovilizado. Sigo crendo que a minificación permite unha mirada lampexante sobre o mundo na que converxen o exploratorio, o lúdico, o lírico, o paradoxal, o irónico e mesmo a reinención intertextual. Moito, quizais demasiado, para tan pouco espazo. O súpeto encanto deste subxénero reside talvez nese perfume ou recendo lene, inaprensible, que deixan textos sometidos á arquitectura meticulosa da brevidade. Hai aí algo de fascinante artificio demiúrxico que nos atrapa como unha lufada relampante e orientadora na noite pecha do mundo. Eu, por se acaso, vou coller unha lanterna.

Apocalipse

Quedou adormecido baixo unha maceira, arrolado polo vento acariñante dunha tarde de primavera. Ao espertar viu as casas da aldea en lapas, árbores caídas arrincadas de raíz, un incendio devastador nun bosque próximo e catro xinetes que cabalgaban cara a el en poirento tropel, cun trote de automatizada desidia que denotaba un longo cansazo de séculos. Pensou que a hípica non é unha práctica axeitada para as persoas maiores.

Emperador

302

O emperador Wang-Tsai espertou moi cedo, cando a lúa aínda estaba a rabuñar os restos da noite, e sentiu unha forte dor que lle tradeaba a cabeza. Chamou ao seu asistente de cámara, pero ningunha voz sumisa alterou o silencio do abrente. Volveu chamar, agora coa voz estridente, arqueada polo anoxamento, e obtivo o mesmo resultado: un total, asolagador silencio.

Ergueuse do leito, saíu da estancia, percorreu abraiado os corredores de palacio e puido comprobar que o edificio todo parecía un sepulcro baleirado de vida, un enorme catafalco poboado pola nada.

Nas habitacións non había ninguén, as cociñas estaban desertas, as despensas sen alimentos. Era como se a súa dona, as fillas ben amadas, o amplo corpo de seguridade, os asistentes sempre serviciais ata o éxtase de desposesión, todos, todos eles fosen devorados pola boca famenta dalgún pesadelo insondable.

Nese intre el, o poderoso emperador Wang-Tsai, sentiuse o home máis solitario e desposuído do universo. Resignado, volveu ao leito e comprendeu que nunca debeu saír daquel cadro no que aparecía retratado de morto no seu propio velorio, cun rostro dunha inquedaante pracidade, disposto a facer unha viaxe eterna ao reino impredecible dos que xa non viven.

Espertador

Soou implacable. Outra vez o espertador, unha mañá máis, coma unha coitelada que abre en canal a túa existencia e te afasta do mundo dos sonhos. Odio os espertadores e a súa gadoupada amoral, o seu couce cotián que te lanza á vida cunha mancadura incurable para o resto da xornada.

Odio madrugar. Encántame o bálsamo protector da preguiza como unha poética prolongación do oasis fetal. Si, encántame espertar lentamente, xa avanzada a mañá, e deixarme arrolar polo rumor perfecto da choiva, sentir que ninguén pode perturbar ese momento supremo de complicidade comigo mesmo. Pero o espertador maldito obrígame a erguerme pola vía de urxencia, a ducharme convertido aínda nunha momia totalmente desorientada, a almorzar de pé nun rapto engulidor, mesmo a ter a eterna sensación de que deixei algo esquecido, despois de baixar á rúa nunha manobra de vertixe, como sucede case tódalas mañás.

Corro cara ao autobús convertido nunha figura de xelatina azoutada por unha chuvia feroz. Pero agora que o penso... agora que o penso, estou morto. Falecín hai xa case tres meses e aínda sigo sometido aos obscenos e terribles pesadelos dos vivos.

303

Paxaros

Supoño que son numerosas as historias escritas sobre ese tópico tan socorrido dos individuos que teñen *paxaros na cabeza*. Neste caso, dáse unha particularidade, xa que Félix non é que os tivera dentro da testa, senón que eramos nós os que llos metiamos.

A súa cabeza era unha especie de gaiola prodixiosa, na que os seus amigos encerrabamos os paxaros que nos regalaban, ou que nós mesmos capturabamos en emocionantes aventuras adolescentes de rapina e cobiza cazadora. Alí deixabamos as aves, dentro daquel depósito craneal fabuloso no que resoaban os rechouchíos confluíntes e engrellantes de decenas de aves: xílgaros, petos, papuxos, pardais, pardeliñas, abelleiros.

Por sorte, só nós, os seus camaradas fraternais (quizais Félix non nos consideraría así de saber o que ocorreu ao final), eramos capaces de percibir o remuíño de sons, ás veces infinitamente agradables e outras tan molestos como atordoantes. De feito, Félix acudía a clase, pero tamén a distintos locais de lecer onde xogabamos ao billar ou faciamos tentativas de aproximación ás rapazas do instituto, e ninguén, absolutamente ninguén, escoitou nada raro.

O noso amigo tampouco era o típico chaval coa *cabeza a paxaros*, porque o seu xuízo semellaba dos máis ponderados entre o grupo de amiguetes e case sempre tentaba disuadirnos á hora de cometer algunha desas aduanadas furtivas de desafogo que suscitan emoción e pracer na adolescencia.

Estabamos convencidos de que eramos os depositarios dun segredo excepcional ata aquela fin de semana de outubro, pouco despois de iniciar o curso, cando decidimos facer unha excursión á montaña. Todo discorría con fraternal normalidade, pero de súpeto sobresaltounos o voo balbordeiro e ameazante dun grupo de aguias, que comezaban a arremuiñarse sobre as nosas cabezas proclamando con chilros e boureos destemperados unha fame arrebatada.

Tardaron ben pouco en atacar con violencia esnaquizadora a Félix para liberar as aves pequechas que bulían na súa cabeza. Os paxariños foron engulipados nun santiamén con aqueles picos expertos en arrincar dun xeito sincopado e implacable os anacos da carne.

No interior do cranio perforado de Félix crimos albiscar cuncas mínimas de alpiste e diminutos arrandeadoiros, propios dunha casa de bonecas, que sen dúbida servían de entretemento aos paxariños alí recluídos. Embargounos unha tristura poderosa, asolagante, pero sobre todo a inesquecible conciencia de que os seus pais, os pais do noso bo amigo, nunca acabarían de cernos.

Fareiro

O fareiro divorciárase da súa muller e acabou por caer no labirinto dunha depresión devoradora. Pasou meses de dor e de negrura espiritual ata que acabou perdendo o xuízo.

A súa sede de vinganza contra o mundo levouno a apagar de noite a luz do faro cando lle petaba, ás veces durante moitas horas, e disfrutaba coas queixas arrouzadas dos pescadores do lugar. En realidade, gozaba de antemán intuindo que algún día se achegaría por alí a policía para detelo cumprindo con algunha orde xudicial, e el recreábase pensando que estaba especialmente preparado para ese momento culminante.

Tiña dous rifles con mira telescópica e suficiente munición para manter a raia un grupo de axentes. Imaxinaba a situación como un episodio pulsional, fermoso e trágico. Pasaron os anos e o fareiro seguía arelando o momento desa confrontación tanto tempo aprazada. Non asumira que era un fareiro fantasma que vivía nun faro construído cos cascallos da súa imaxinación.

Xemelgo

Resulta difícil soportar un irmán xemelgo cando el é un consumado argalleiro, un aventureiro sen escrúpulos e un liorteiro mundano e embelecador, trazos que contrastan coa miña persistente tendencia á soidade. Debo aclarar, iso si, que non se trata dunha soidade sufrida ou magoante, senón dun cómodo afastamento.

Cando tiñamos dez ou doce anos, el, Matías, metíase en todas as porfías e pelexas e mesmo chegou a roubar algunha bicicleta ou a pincharlle as rodas do coche a algún profesor ao que se lle ía a man no asunto dos suspensos. O vello instituto no que estudiabamos estivo a piques de ser arrasado polas lapas, pero salvouse grazas a unha actuación dunha valentía case vehemente por parte dos bombeiros. O lume comezara nos servizos e varios días despois entereime de que o pirómano fora, claro está, o meu irmán xemelgo. El encargouse de revelarmo coa desvergoña e a frialdade do que conta que vai baixar á rúa para comprar un simple xeadado de limón.

O inventario das súas pendencias constitúe un incesante repertorio composto de decenas de episodios, algúns un chisco simpáticos, outros grotescos e os máis decididamente crueis. Un dos momentos particularmente difícil para a familia foi cando manipulou os freos do coche do patrón que lle daba emprego naquel tempo: un modesto propietario dunha ferretería. Aquel home

permaneceu nun hospital en coma durante seis meses e meu irmán foi detido como sospeitoso de roubarlle unha considerable cantidade de diñeiro, destinada sen dúbida ás súas adiccións a sustancias tóxicas, fundamentalmente cocaina e *speed-ball*.

Pero cando todos percibimos que a súa vida á marxe da lei entrara nun cauce de difícil reversibilidade foi ao decatármonos de que atracara tres bancos nunha mesma mañá. Elixiu un primeiro de mes, cando os xubilados, obsesionados polos billetes frescos, acoden a retirar a súa paga, e unha anciá morreu dun infarto pola impresión daquela irrupción imprevista do enmascarado armado.

A miña familia foi formalizando un protocolo de prevencións e de estratexias de *escaqueo* que pretenden mantelo afastado. Ninguén o admite na súa casa, agás a nosa nai, que nos lembra con teimuda insistencia a bondade intrínseca de Matías, a súa xenerosidade de ouro, o seu amor polos animais (o certo é que conseguiu reunir varios cans de razas perigosas), a súa prodigalidade cos máis necesitados (é verdade que estivo protexendo un indixente que lle servía como correo para os seus trapicheos no mundo da droga).

Para min constitúe unha vivencia ben dolorosa, porque actuei sempre como o irmán sensato e eficiente, como o protector incansable duns pais angustiados e asediados, e tamén, cómpre dicilo, como o eterno parachoques de Matías. Malia iso, miña nai parece sentir debilidade por un Matías irreal, areolado por dons imposibles que conforman unha restra de mentiras e autoenganos.

En contraste, eu debo conformarme cun papel secundario de fillo bo, pero irremisiblemente paifoco. Iso fíxome sufrir durante toda a vida e o psiquiatra (estou seguro, actúa confabulado coa miña nai) insiste en que debo deixar que a miña mente descanse. Dime, unha vez máis, que Matías non existe, que nunca existiu, e que eu son un fillo único que debe encontrar o seu camiño nesta vida. Aposto a que se Matías puidese escoitalo estaría mexándose coa risa.

Anxos 1

Non todos os anxos da garda son conscientes do lugar que ocupan, nin todos logran manterse insubornables e incorruptibles. Están expostos a moitas tentacións, a demasiadas contaminacións do espírito.

No seu traballo subtil, discreto, extremadamente delicado de escoltas dalgún ser humano de vida axitada, non faltan os que se deixan engaiolar pola atmosfera mesta e tentadora dos garitos de madrugada, ou pola man invitadora que conduce ao paraíso múltiple e ensarillador do vicio.

Pero a situación máis difícil é a dos que se namoran da muller á que deben tutelar. Pensen por un momento nun anxo da garda que acompaña, desde a súa invisibilidade clandestina e perfecta, a unha fémica fermosísima mentres esta se vai espindo demoradamente, cando se ducha e converte a auga en longo bico carnal, ou mentres dorme no seu leito, núa e deslumbrante, nunha noite calorosa de verán. Son moitos os que se perden e acaban enredados na espiral succionadora do desexo.

Por iso eu e outros moitos coma min debemos manternos alerta, inmunes ás golosas tentacións do mundo, co fin de poder rescatalos dos seus malos pasos e devovelos, curados e inzados de luminosa prudencia, ao bo carreiro. Permítanme que me presente: son o anxo da garda doutros anxos da garda.

Anxos 2

307

Os anxos da garda comezaron a sobresaltarse cando varios deles anunciaron que eran incapaces de seguir aos humanos que lles asignara o azar no seu trafego vital, nas súas dúbidas e esculcas, nos seus momentos de luminosa honestidade ou de flagrante debilidade de espírito. Non só sucedía iso, senón que algúns percibían que eran os humanos, os sempre fráxiles e imprevisibles humanos, os que os perseguían a eles. En realidade, non se trataba dunha persecución en sentido literal, senón de algo diferente: un acompañamento silencioso e constante.

Comezou así a proxectarse a lenda do humano da garda e agora son moitos os anxos que cren na existencia dun misterioso protector que os axuda nunha existencia na que non faltan momentos de desfalecemento e de incompreensión. Pero ademais están persuadidos de que o humano da garda vela por eles nos seus arriscados voos.

De nada serve que aumentaran os feridos por accidentes en plena faena aérea entre a poboación de seres alados nos últimos anos. Tamén eles descubriron o poder lenitivo e ata salvífico da superstición.

Cidade

Acababan de casar e chegaran á cidade alentados por aquela señora tan amable da axencia de viaxes, que os aconsellou como se aconsella a uns fillos moi queridos. Dixéralles que S. era a cidade do amor, un lugar entrañable que ofrecía intimidade e maxia (os folletos publicitarios usaban estes termos e outros aínda máis empachosos) para dous namorados que queren selar un pacto eterno de futuro.

Chegaron a S. de noite e non percibiron nada particularmente estraño ou choqueiro, pero á mañá seguinte puideron comprobar con horror que os transeúntes camiñaban polas rúas sen cabeza aparentando unha normalidade sobrecolledora. Arrepiados, preguntáronlle a unha muller (ela si parecía ter cabeza) que agardaba nunha parada de autobús polo que sucedera para chegar a ese punto. Con voz áspera contestoulles que non debían de preocuparse demasiado, porque para algúns aquela situación podía resultar só un episodio pasaxeiro, sen máis importancia. A explicación era sinxela: perderan a cabeza por amor.

308 Por un intre quedaron atónitos, superados polo que estaba ocorrendo, e cando el pretendeu rascarse na caluga comprobou que a súa man se axitaba no baleiro. Quixo aloumiñar o cabelo da súa muller e ela díxolle cunha voz leviá e cómplice: “Non te esfuerces. Xa é demasiado tarde.”

Invasión

Abriu a porta cunha precaución inútil. O home de mirada aguzada, cortante, irrompeu no seu fogar como un furacán irrefreable. Sen miramentos, púxolle a pistola na cabeza e arrastrouna do brazo ata a sala de estar. Ela sentiu o lampexo dunha violencia feroz que lle deixaba no brazo a tatuaxe inmisericorde da dor.

O invasor, nunha exhibición demagóxica de ira, deulle unha patada a unha mesa e voaron vasos, revistas e un cinceiro. Logo, a muller sentiu o canón da pistola encaixado na súa boca e quizais pensou que xa non era dona de si mesma, que a partir de aí estaba en mans dun tolo sádico capaz dos reclamos máis insólitos, de exercer as humillacións máis depravadas.

O home pediulle que se espise e que o fixese con sensualidade, porque seica non perdoaba a frialdade na antesala da revelación carnal. Algo así lle dixo, pero con palabras túzaras, moi groseiras. Ela cumpriu os seus desexos como se se sentise atecida por un medo glacial e despois tivo que bailar en coiro sobre a mesa do comedor aparentando unha sucia e vomitiva lascivia.

O invasor, omnímodo, proclamou que xa estaba ben; esixiulle que descendese, porque a desexaba e ía fornicar con ela. Nese mesmo intre en que lle anunciaba o seu desexo de profanación, pensaba no enrevesada e difícil que era a súa cuñada. Cada semana tiña que inventar unha historia diferente para facerlle o amor. E por un intre sentiu nostalgia da súa esposa, tan pouco compracente na cama, tan entrañablemente conservadora sempre en cuestións de sexo.

Armario 1

A muller, sobresaltada, pediulle que se metese no armario. Fixeran o amor toda a tarde entre delongados saloucos de complicidade, nun estado de penetración carnal que por momentos chegara á comunión paroxística. Estaban feitos o un para o outro.

Pero ela escoitou que se abría a porta do piso e sospeitou que o seu marido regresaba antes de tempo dunha reunión técnica do consello de administración na súa empresa. Foi aí cando lle pregou ao amante que debía entrar no armario de xeito fulminante. Este obedeceu decontado e uns minutos despois puido escoitar desde o interior do moble os xogos de aproximación e coqueteo, logo os roufexos subidos de ton seguidos duns salaios faiscentes, renxedores, ferintes.

Sentiuse moi indignado, porque a muller que lle pertencía espiritualmente (ou iso cría el a partir do que lle confesaba) repetíalle agora ao marido as palabras fogosas e encirradoras que antes lle dixeran a el a cuñada impregnación inconfundible de entrega e de lubricidade. Quizais fose unha mestura de inmensa decepción, de anestesiante dor e de morneza (hai que ter en conta que o mes de xullo estaba a ser moi caloroso) o que provocou que quedase sumido nun profundo soño.

Cando espertou púxose a tusir, sen dúbida esporeado polo po que levantou ao removerse naquela especie de gaiola de dimensións exiguas. As súas mans, que

apalpaban na escuridade, quedaron atrapadas nun remuíño de materia hirsuta. Despois, cando logrou saír do armario, comprendeu ante o espello que o que os seus dedos exploraran ás apalpadelas era unha longa barba que lle chegaba ata os pés.

Viuse vello, demasiado vello, como se o tempo, grande escultor, lle deixase cicatrices por todo o corpo para lembrarlle que transitaba xa polos camiños da ancianidade. Ademais, a habitación estaba en ruínas, coas paredes esgazadas e cuñadas por enormes manchas musgosas que zumegaban humidade.

Sobrecollido por todo o que estaba sucedendo, abriu a fiestra á rúa e puido contemplar unha cidade arrasada, esnaquizada sen piedade, aniquilada como se fose obxecto dun bombardeo brutal, pero realizado con precisión científica. Quedou contemplando o horizonte impreciso e sentiuse só, inmensamente só e abandonado, fronte ao precipicio da eternidade.

Novela-río

310

Comezara a ler a novela-río o día anterior e sentía o entusiasmo crecente que lle estaba a provocar aquela historia asediante e envidadora. Esa mesma tarde suspendeu unha cita coa súa mellor amiga porque non podía demorar a lectura. Estaba chegando á páxina dúascentas cando sentiu que unha corrente de auga asolagadora o arrastraba e non atopou ningunha agarradeira para esquivar a súa furia. O médico certificou a súa morte por afogamento. O pronóstico non era difícil: tiña os pulmóns encharcados.